

IV Convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da Universidade da Coruña (UDC)

1. Obxecto

O propósito desta convocatoria é recoñecer, avaliar e incentivar a actividade e a calidade das accións levadas a cabo polos grupos de innovación docente (GID) dentro do marco da Normativa de constitución e recoñecemento de grupos de innovación docente da Universidade da Coruña (UDC), en diante «Normativa de GID», establecida pola Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID) e xestionada polo Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE).

2. Requisitos

Poderán presentarse a avaliación todos os GID que cumpran os requisitos definidos na Normativa de GID¹ en canto á súa denominación, composición e coordinación, independentemente de que se presentasen ou non a algunha das convocatorias anteriores de constitución e recoñecemento de GID e do resultado da súa avaliación.

3. Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID)

A Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID) está constituída polos seguintes membros:

- a) Presidente/a: persoa encargada da dirección do CUFIE
- b) Secretario/a: membro do persoal técnico do CUFIE
- c) Vogais:
 - Cinco membros do PDI, un por cada rama de coñecemento
 - Un membro do persoal técnico da Unidade Técnica de Calidade (UTC) da UDC

A composición da CAID será publicada na web do CUFIE. De concorrer algunha causa que impidise actuar a algún dos membros da CAID, a persoa responsable da VPAID poderá nomear unha persoa suplente.

4. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC até as 23:45 horas do día 30 de setembro de 2022.

As solicitudes dirixiranse á VPAID e presentaranse a través do Rexistro Electrónico da Sede Electrónica da UDC².

Unha vez revisadas todas as solicitudes de avaliación de GID xunto coa documentación asociada, a CAID publicará, na Sede Electrónica da UDC, a lista provisional de GID admitidos a avaliación. Contra

¹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2022/004583

² https://sede.udc.gal/services/telematic_register.

esta lista poderase presentar unha reclamación ante o/a presidente/a da CAID no prazo de **dez días hábiles**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da lista provisional. Unha vez finalizado este prazo, publicarase a lista definitiva na Sede Electrónica da UDC.

5. Documentación necesaria

A persoa coordinadora do GID será a encargada de presentar por rexistro o Anexo II, de solicitude de avaliación do GID, debidamente cuberto e asinado, incluída a relación de méritos para avaliar seguindo o modelo establecido segundo se indica no Anexo I. O modelo do Anexo II poderá descargarse na páxina web do CUFIE³.

As copias das evidencias xuntaranse nun único ficheiro PDF que se entregará mediante un formulario habilitado na páxina web do CUFIE⁴.

Para consultar calquera dúbida relativa a esta convocatoria pódese escribir un correo electrónico ao enderezo innovacion.cufie@udc.gal.

6. Período sometido a avaliación

Admitiranse a avaliación os méritos comprendidos entre o 1/9/2018 e o 31/8/2022, ambos incluídos. O período de avaliación comprende os catro cursos académicos inmediatamente anteriores ao prazo de solicitude de avaliación, tal e como se especifica na Normativa de GID.

Tomarase como data do mérito a da súa publicación ou a de finalización da acción ou o evento a que corresponda. En caso de que a data non apareza consignada explicitamente, tomarase como data a da certificación ou evidencia do mérito.

7. Resolución

Tras a avaliación das solicitudes presentadas, a CAID emitirá unha valoración, de acordo coas directrices de avaliación establecidas na Normativa de GID e cos criterios de avaliación indicados no Anexo I, nunha escala de 0 a 100 puntos.

A CAID publicará na Sede Electrónica da UDC a lista provisional de GID avaliados e especificará para cada GID unha das seguintes categorías:

- a) **GID consolidados**: GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 50 puntos.
- b) **GID en vías de consolidación**: GID que obtivesen unha puntuación de cando menos 30 puntos e inferior a 50 puntos.
- c) **GID desestimados**: GID non avaliados ou avaliados cunha puntuación inferior a 30 puntos.

Contra esta lista poderase presentar unha reclamación ante o/a presidente/a da CAID no prazo de **dez días hábiles**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da lista

³ <https://www.udc.es/es/cufie/INNOVACION/gid/IV-convocatoria-de-Grupos-de-Innovacion-Docente-GID/>.

⁴ <https://www.udc.es/es/cufie/INNOVACION/gid/IV-convocatoria-de-Grupos-de-Innovacion-Docente-GID/>.

provisional. Unha vez finalizado este prazo, publicarase a lista definitiva na Sede Electrónica da UDC. Contra esta lista definitiva cabe interpoñer un recurso de alzada ante a VPAID no prazo **dun mes**.

8. Certificación

Unha vez publicada a lista definitiva de GID avaliados, o CUFIE emitirá unha certificación conxunta que especificará:

- a) a persoa que coordina o GID;
- b) os membros que compoñen o GID;
- c) e se se trata dun GID consolidado ou en vías de consolidación.

Os GID desestimados non serán obxecto de ningunha certificación.

9. Vixencia da avaliación

A vixencia das avaliacións realizadas nesta convocatoria empezará a contar a partir do último curso académico avaliado (2021/22) e é a seguinte:

- a) **GID consolidados**: até o curso académico 2025/26 (catro cursos académicos)
- b) **GID en vías de consolidación**: até o curso académico 2023/24 (dous cursos académicos)

10. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que as persoas interesadas faciliten mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da IV convocatoria para a constitución e o recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da UDC. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, as persoas interesadas consenten expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude, nos taboleiros físicos, dentro da Sede Electrónica da UDC e na páxina web do CUFIE, na forma prevista pola disposición adicional 7.ª da LOPD.

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria. Unha vez finalizada a relación de prestación do servizo, serán bloqueados e permanecerán almacenados seis anos, sen prexuízo da posibilidade de que as persoas interesadas exerzan en calquera momento o seu dereito a solicitar a supresión dos datos.

As persoas interesadas consenten o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terán dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Así mesmo, teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán exercerse mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, ao que se xuntará a fotocopia do DNI. Igualmente, poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Anexo I. Criterios de avaliación

A avaliación realízase nunha escala de 0 a 100 puntos e o sistema de puntuación é aditivo. Cada unha das categorías de mérito ten asociada unha puntuación máxima, polo que cando se sature a puntuación nunha categoría se asignará a devandita puntuación máxima establecida. Por tanto, é conveniente non incluír máis evidencias das necesarias en cada categoría.

Para cada tipo de mérito especificase a súa puntuación, os méritos que se poden incluír e as evidencias requiridas para a súa xustificación.

I.1. Actividade do GID (máximo 25 puntos)

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
1.1. Actividades de innovación docente desenvolvidas polo GID (p. ex. novas estratexias metodolóxicas, optimización de ferramentas ou recursos para a mellora da aprendizaxe, creación de materiais didácticos innovadores etc.)	5 puntos/actividade	Documento ou URL para cada acción
1.2. Participación do GID en proxectos de innovación da UDC (APS, MOOC)	10 puntos/proxecto	Copia do certificado ou documento acreditativo
1.3. Participación do GID en proxectos de innovación docente doutras universidades nacionais	12 puntos/proxecto	
1.4. Participación do GID en proxectos internacionais de innovación docente	15 puntos/proxecto	
1.5. Premios de innovación educativa recibidos polos membros do GID e concedidos pola UDC	5 puntos/premio	Copia do certificado ou documento acreditativo do premio
1.6. Premios de innovación educativa recibidos polos membros do GID e concedidos por entidades externas á UDC	7 puntos/premio	

I.2. Impacto das actividades de innovación na calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe (máximo 20 puntos)

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
2.1. Cada unha das actividades de innovación docente desenvolvidas polo GID	5 puntos/actividade	Xustificación do impacto de cada actividade acompañada de informes académicos, resultados de enquisas, estatísticas de uso de recursos didácticos etc.

I.3. Colaboración con entidades e institucións (máximo 10 puntos)

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
3.1. Institucións ou entidades internacionais con que se colabora de forma estable ou puntual	5 puntos/institución	Documento e/ou URL acreditativos da dimensión da colaboración
3.2. Institucións ou entidades nacionais con que se colabora de forma estable ou puntual	3 puntos/institución	
3.3. Colaboración entre facultades e/ou escolas	3 puntos/centro	

I.4. Formación dos membros do GID (máximo 15 puntos)

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
4.1. Cursos do CUFIE relacionados coa innovación e o bo desempeño docente. Máximo catro cursos por cada integrante do GID	1 punto/curso (entre 10 e 20 horas) 2 puntos/curso (máis de 20 horas)	Copia do certificado onde consten o nome e os apelidos do/a integrante do GID que o cursou
4.2. Cursos relacionados coa innovación e o bo desempeño docente, impartidos pola UDC ou por outra institución oficial. Máximo catro cursos por cada integrante do GID	1 punto/curso (entre 10 e 20 horas) 2 puntos/curso (máis de 20 horas)	Copia do certificado onde consten o nome e os apelidos do/a integrante do GID que o cursou
4.3. Asistencia a simposios, congresos ou xornadas de innovación educativa. Máximo catro achegas por cada integrante do GID	0,5 puntos/evento	Copia do certificado de asistencia

I.5. Divulgación e proxección das accións de innovación realizadas polo GID (máximo 30 puntos)

Para cada mérito debe proporcionarse unha breve xustificación da relación entre o devandito mérito e as actividades de innovación docente levadas a cabo polo grupo. Admítense publicacións en formato impreso e en liña. Para publicacións de acceso aberto (*open access*) é suficiente con especificar o DOI ou a URL. En caso contrario, deberá incluírse unha copia da publicación en formato PDF.

Engadiranse 2 puntos máis por cada artigo ou capítulo de acceso aberto.

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
5.1. Artigos de innovación docente publicados en revistas indexadas no JCR	15 puntos/artigo	Cita do artigo. DOI/URL/copia do artigo
5.2. Artigos de innovación docente publicados en revistas non indexadas no JCR e capítulos de libro	5 puntos/artigo ou capítulo	Cita do artigo. DOI/URL/copia do artigo ou capítulo

Mérito	Puntuación máxima	Xustificación
5.3. Libros ou monografías sobre temas relacionados coa innovación docente	12 puntos/libro	Cita do libro ou monografía. DOI/URL/ISBN/copia do índice do libro ou monografía
5.4. Charla ou mesa redonda en congreso internacional de innovación docente	5 puntos/congreso	Cita da publicación/charla. Copia do programa do congreso/certificación
5.5. Charla ou mesa redonda en congreso nacional de innovación docente (dentro ou fóra da UDC)	3 puntos/congreso	
5.6. Comunicación/póster en congreso internacional	3 puntos/congreso	
5.7. Comunicación/póster en congreso nacional (dentro ou fóra da UDC)	1,5 puntos/congreso	
5.8. Impartición de cursos e seminarios relacionados coa innovación docente ou cursos MOOC	1 punto/curso (dentro da UDC) 3 puntos/curso (fóra da UDC)	Copia da certificación ou copia do programa do curso
5.9. Publicación de recursos educativos dixitais en aberto	5 puntos/recurso	URL do recurso
5.10. Outras actividades de difusión da innovación docente*	1 punto/actividade	Copia da certificación ou documento acreditativo

*Exemplos doutras actividades de difusión da innovación docente: organización de congresos e xornadas, teses de doutoramento dirixidas, participación en comisións de valoración de premios de innovación docente ou en revisións de textos relacionados coa innovación etc.

Anexo II. Modelo de solicitude de avaliación e achega de evidencias

Dispoñible para descarga na páxina web do CUFIE⁵.

Nas táboas debe incluírse unicamente texto, que pode ser unha URL ou o título e a páxina en que localizar o recurso en caso de que a evidencia se achegue en PDF. Todas as evidencias se agruparán nun único arquivo PDF numerado e estarán ordenadas polo título e a epígrafe deste anexo a que corresponden. Se o arquivo PDF é moi grande, pode entregarse a través dun formulario que estará dispoñible na web do CUFIE (para consultar calquera dúbida, pode chamarse ao número de teléfono 881 015 612). **O anexo II é obrigatorio presentalo por rexistro.**

II.1. Identificación e composición do GID

ACRÓNIMO DO GID	
NOME DO GID	
PERSOA COORDINADORA	
INTEGRANTES (Indíquese se se trata de PDI da UDC ou persoas colaboradoras. Indíquese a filiación para os/as integrantes de fóra da UDC)	
LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN	
PERÍODO SOMETIDO A AVALIACIÓN	Admitiranse a avaliación os méritos comprendidos entre o 1/9/2018 e o 31/8/2022, ambos incluídos.

⁵ <https://www.udc.es/es/cufie/INNOVACION/gid/IV-convocatoria-de-Grupos-de-Innovacion-Docente-GID/>.

II.2. Relación de evidencias

II.2 - 1. Actividade do GID (máximo 25 puntos)

II.2 - 1.1. Actividades de innovación docente desenvolvidas polo GID (5 puntos/actividade)

Actividade	Membro/s do GID que a desenvolve/n	Evidencia (URL. Cómpre detallar título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 1.2. Participación do GID en proxectos de innovación da UDC (APS, MOOC) (10 puntos/proxecto)

Proxecto UDC	Membro/s do GID que participa/n	Evidencia (URL. Cómpre detallar título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 1.3. Participación do GID en proxectos de innovación docente doutras universidades españolas (12 puntos/proxecto)

Proxecto nacional non UDC	Membro/s do GID que participa/n	Evidencia (URL. Cómpre detallar título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 1.4. Participación do GID en proxectos internacionais de innovación docente (15 puntos/proxecto)

Proxecto internacional	Membro/s do GID que participa/n	Evidencia (URL. Cómpre detallar título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 1.5. Premios de innovación educativa recibidos polos membros do GID e concedidos pola UDC (5 puntos/premio)

Premio UDC	Membro/s do GID que o recibe/n	Evidencia (URL. Cómpre detallar título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 1.6. Premios de innovación educativa recibidos polos membros do GID e concedidos por entidades externas á UDC (7 puntos/premio)

Premio non UDC	Membro/s do GID que o recibe/n	Evidencia (URL. Cómpre detallar título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 2. Impacto das actividades de innovación na calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe (máximo 20 puntos)

II.2 - 2.1. Para cada unha das actividades de innovación docente desenvolvidas polo GID (5 puntos/actividade)

Actividade	Membro/s do GID que a realiza/n e nome da materia	Evidencia (Resultados académicos, resultados de enquisas, estadísticas de uso de recursos didácticos etc.)

II.2 - 3. Colaboración con entidades e institucións (máximo 10 puntos)

II.2 - 3.1. Institucións ou entidades internacionais con que se colabora de forma estable ou puntual (5 puntos/institución)

Institución internacional	Membro/s do GID que colabora/n	Evidencia (Descríbase a colaboración ou detállense título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 3.2. Institucións ou entidades nacionais con que se colabora de forma estable ou puntual (3 puntos/institución)

Institución nacional	Membro/s do GID que colabora/n	Evidencia (Descríbase a colaboración ou detállense título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 3.3. Colaboración entre facultades e/ou escolas (3 puntos/centro)

Facultades/escolas UDC	Membro/s do GID que colabora/n	Evidencia (Descríbase a colaboración ou detállense título e páxina se se achega como documento acreditativo)

II.2 - 4. Formación dos membros do GID (máximo 15 puntos)

Cada integrante do GID poderá achegar, como máximo, catro cursos do CUFIE, catro cursos da UDC ou outra institución oficial que non sexa o CUFIE e catro asistencia a eventos de innovación. O formato de evidencia aceptado é unha copia do certificado acreditativo correspondente onde figuren o nome e os apelidos da persoa asistente. Para o caso dos cursos, a duración en horas tamén debe figurar na certificación.

II.2 - 4.1. Cursos do CUFIE relacionados coa innovación e o bo desempeño docente (1 punto/curso entre 10 e 20 h; 2 puntos/curso de máis de 20 h)

Título, código do curso e ano en que se cursou	Membro do GID que o cursou	Evidencia (número de páxina da copia do certificado no PDF de evidencias)

II.2 - 4.2. Cursos relacionados coa innovación e o bo desempeño docente, impartidos pola UDC ou por outra institución oficial (1 punto/curso de entre 10 e 20 horas; 2 puntos/curso de máis de 20 horas)

Título do curso	Membro do GID que o cursou	Evidencia (número de páxina da copia do certificado no PDF de evidencias)

Título do curso	Membro do GID que o cursou	Evidencia (número de páxina da copia do certificado no PDF de evidencias)

II.2 - 4.3. Asistencia a simposios, congresos ou xornadas de innovación educativa (0,5 puntos/evento)

Datos do evento (nome, data, entidade organizadora)	Membro/s do GID que asistiu/asistiron	Evidencia (número de páxina da copia do certificado no PDF de evidencias)

II.2 - 5. Divulgación e proxección das accións de innovación realizadas polo GID (máximo 30 puntos)

Para cada mérito debe proporcionarse unha breve xustificación da relación entre o devandito mérito e as actividades de innovación docente levadas a cabo polo grupo. Para as publicacións incluírase a cita, en que se resaltarán os nomes dos/as autores/as integrantes do GID. Admítense publicacións en formato impreso e en liña. É obrigatorio incluír unha copia da publicación no PDF de evidencias se non é de acceso aberto (*open access*). Para publicacións de acceso aberto é suficiente con proporcionar o DOI ou a URL de acceso. As publicacións de acceso aberto valoraranse con 2 puntos máis por cada artigo ou capítulo.

II.2 - 5.1. Artigos de innovación docente publicados en revistas indexadas no JCR (15 puntos/artigo)

Cita do artigo JCR	Xustificación	Evidencia (DOI, URL ou número de páxina da copia do artigo no PDF de evidencias)

II.2 - 5.2. Artigos de innovación docente publicados en revistas non indexadas no JCR e capítulos de libro (5 puntos/artigo ou capítulo)

Cita do artigo non JCR ou capítulo de libro	Xustificación	Evidencia (DOI, URL ou número de páxina da copia do artigo no PDF de evidencias)

II.2 - 5.3. Libros ou monografías sobre temas relacionados coa innovación docente (12 puntos/libro)

Cita do libro ou monografía	Xustificación	Evidencia (DOI, URL ou número páxina da copia do artigo no PDF de evidencias)

II.2 - 5.4. Charla ou mesa redonda en congreso internacional de innovación docente (5 puntos/congreso)

Cita do evento internacional	Xustificación	Evidencia (URL ou número de páxina en que figura a certificación ou a copia do programa do congreso no PDF de evidencias)

II.2 - 5.5. Charla ou mesa redonda en congreso nacional de innovación docente (dentro ou fóra da UDC) (3 puntos/congreso)

Cita do evento nacional	Xustificación	Evidencia (URL ou número de páxina en que figura a certificación ou a copia do programa do congreso no PDF de evidencias)

II.2 - 5.6. Comunicación/póster en congreso internacional (3 puntos/congreso)

Cita da comunicación/póster internacional	Xustificación	Evidencia (URL ou número páxina no PDF de evidencias en que figura a certificación ou a copia do programa do congreso e a copia da comunicación/póster)

Cita da comunicación/póster internacional	Xustificación	Evidencia (URL ou número páxina no PDF de evidencias en que figura a certificación ou a copia do programa do congreso e a copia da comunicación/póster)

II.2 - 5.7. Comunicación/póster en congreso nacional (dentro ou fóra da UDC) (1,5 puntos/congreso)

Cita da comunicación/póster nacional	Xustificación	Evidencia (URL ou número páxina no PDF de evidencias en que figura a certificación ou a copia do programa do congreso e a copia da comunicación/póster)

II.2 - 5.8. Impartición de cursos e seminarios relacionados coa innovación docente ou cursos MOOC (1 punto/curso dentro da UDC; 3 puntos/curso fóra da UDC)

Datos identificativos do curso	Xustificación	Evidencia (número de páxina no PDF de evidencias en que figura a copia da certificación ou copia do programa do curso)

II.2 - 5.9. Publicación de recursos educativos dixitais en aberto (5 puntos/recurso)

Datos identificativos do recurso	Xustificación	Evidencia (URL do recurso)

Datos identificativos do recurso	Xustificación	Evidencia (URL do recurso)

II.2 - 5.10. Outras actividades de difusión da innovación docente (organización de congresos e xornadas, teses de doutoramento dirixidas, participación en comisións de valoración de premios de innovación docente ou en revisións de textos relacionados coa innovación, proxectos técnicos etc.)
(1 punto/actividade)

Descrición da actividade	Xustificación	Evidencia (copia da certificación ou documento acreditativo)